

Praza número: 25/9001

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Docencia: 614G03009 Enxeñaría do Software

710G04049 Taller de Habilidades Informacionais e Dixitais: Representación Gráfica e

Visualización Dixital da Información

4441021 Bioinformática e Modelado de Biomoléculas

Centro: Facultade de Informática

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En A Coruña, ás 10:00 horas do Luns 29 de setembro de 2025, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incurso en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Santiago Rodríguez Yáñez

Secretaría: Virginia Mato Abad

Vogal: Sonia María Suárez Garaboa

Rep. Trab. (s/voto): Alfonso Castro Martínez

Na Coruña, a 29 de setembro do 2025

A presidencia da comisión

Praza número: 25/9001

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Docencia: 614G03009 Enxeñaría do Software

710G04049 Taller de Habilidades Informacionais e Dixitais: Representación Gráfica e

Visualización Dixital da Información

4441021 Bioinformática e Modelado de Biomoléculas

Centro: Facultade de Informática

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Tal e como se indica na normativa, todos os méritos serán valorados segundo a súa relación coa/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso, de acordo cos seguintes coeficientes: os méritos na especialidade de coñecemento multiplicaranse por 1, os méritos nas especialidades de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5 e os méritos en especialidades non afíns multiplicaranse por 0,1, agás no bloque IV (experiencia profesional) nas prazas de profesorado asociado no que se actuará conforme ao alí establecido. A este respecto, a comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes:

- Linguaxes e Sistemas Informáticos
- Enxeñaría Telemática

Por outra banda, e sempre que o permita a normativa, aplicarase o seguinte coeficiente multiplicador para todas as publicacións dos bloques II e III en función do número de autores:

- 1 se firman catro ou menos autores.
- 0,75 se firman entre 5 e 7 autores.
- 0,5 se firman entre 8 e 10 autores.
- 0,25 se firman máis de 10 autores.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

Praza número: 25/9001

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Docencia: 614G03009 Enxeñaría do Software

710G04049 Taller de Habilidades Informacionais e Dixitais: Representación Gráfica e

Visualización Dixital da Información

4441021 Bioinformática e Modelado de Biomoléculas

Centro: Facultade de Informática

I. FORMACIÓN ACADÉMICA.

I.4. Outras titulacións universitarias relevantes para a praza.

Valoraranse unicamente as titulación relacionadas directamente cos ámbitos das ramas de Enxeñarías e biosanitarias.

II. EXPERIENCIA DOCENTE.

II.2. Calidade docente.

Só se considerarán manuais e libros docentes con ISBN.

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima:

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro).

Para os artigos publicados en revistas científicas indexadas en Web of Science (Journal Citation Reports) aplicarase os seguintes coeficientes multiplicadores:

- 1 se a revista é Q1.
- 0,75 se a revista é Q2.
- 0,5 se a revista é Q3.
- 0,25 se a revista é Q4.

Para esta puntuación terase en conta a posición ocupada pola revista no ano de publicación do artigo e se non está dispoñible a última publicada.

Aos artigos publicados en revista non indexadas en Web of Science (Journal Citation Reports) pero si en Scopus aplicarase un coeficiente multiplicador de 0,25.

Os libros e capítulos de libros so se considerarán se contan con ISBN.

Para as publicacións en actas de congreso aplicarase o seguinte coeficiente multiplicador en función da súa clasificación na GGS 2021 (dispoñible en <https://scie.lcc.uma.es/gii-grin-scie-rating>):

- 1 se o congreso é Clase 1
- 0,5 se o congreso é Clase 2
- 0,25 se o congreso é Clase 3

Praza número: 25/9001

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Docencia: 614G03009 Enxeñaría do Software

710G04049 Taller de Habilidades Informacionais e Dixitais: Representación Gráfica e

Visualización Dixital da Información

4441021 Bioinformática e Modelado de Biomoléculas

Centro: Facultade de Informática

III.2 Comunicacóns en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos se é internacional e un máximo de 0,25 se é nacional.

IV. EXPERIENCIA PROFESIONAL.

So se considerará a actividade profesional desempeñada cun nivel A1 (ou equivalente) e Nivel A2 (ou equivalente). A actividade desempeñada nun nivel A2 (ou equivalente) terá un coeficiente multiplicador de 0,1.

A docencia regrada no universitaria relacionada coa praza terá un coeficiente multiplicador de 0,1. A docencia non regrada relacionada coa praza terá un coeficiente multiplicador de 0,01.

Na Coruña, a 29 de setembro do 2025

A presidencia da comisión